

CARTA INFORMATIVA AOS CENTROS EDUCATIVOS

Apertura do prazo de solicitude das bolsas para libros de texto e material escolar Curso 2025/2026 – 2º ciclo de Educación Infantil

Estimado equipo directivo:

Poñemos no seu coñecemento que no **Boletín Oficial da Provincia de Ourense (BOP) nº 103, do 2 de xuño de 2025**, foron publicadas as **bases reguladoras e a convocatoria das bolsas municipais para a adquisición de libros de texto e material escolar**, dirixidas ao alumnado matriculado no **2º ciclo de Educación Infantil (3, 4 e 5 anos)** no curso 2025/2026.

Prazo de presentación de solicitudes estará aberto dende o día 3 ao 30 de xuño de 2025, ambos incluídos.

As solicitudes deberán presentarse conforme ao modelo establecido (Anexo I), acompañadas da documentación indicada nas bases. A través do rexistro xeral do concello **Rexistro Xeral do Concello** (de 9:00 a 14:00 h, días hábiles). Ou de xeito telemática, a través da **sede electrónica municipal**: <https://sede.concellodobarco.org>

Co obxectivo de facilitar a máxima difusión entre o alumnado e as familias, agradecemos a súa colaboración compartindo esta información a través das canles habituais do centro educativo (taboleiros, plataformas, correo electrónico, etc.).

Xúntase a esta carta a seguinte documentación:

- Bases da convocatoria (BOP nº 103 do 2 de xuño de 2025).
- Cartel informativo para a difusión entre as familias.
- Modelos de solicitude (Anexo I e Anexo II).

Para calquera consulta, poden contactar co **Departamento de Servizos Sociais do Concello**:

- Teléfono: 988 320 202 (extensiones 2168 / 2163)
- Correo electrónico: dep.sociales@concellodobarco.org

Agradecéndolles de antemán a súa colaboración, reciba un cordial saúdo.

Atentamente,
O ALCALDE

Alfredo L. García Rodríguez

